ORGANIGRAMA E FUNCIÓNS DOS ÓRGANOS DO COLECTIVO OPAII-Rádio FilispiM.

A ASEMBLEA do Colectivo Opaii – Rádio Filispim.

Definición.
É o máximo órgano de expresión e decisión do Colectivo Opaíí, e por conseguinte de Rádio Filispim (RFM). O seu funcionamento é asembleario, baseado no consenso e o respeito á pluralidade do colectivo. As decisións tomadas no seu seo, só poderán ser revisadas pola propia Asemblea.

Quen forma parte?
Poderán pariticipar das súas convocatorias, consensos e toma de decisións, tod@s aquelas persoas que sexan soci@s do colectivo. Poderase admitir a presenza de persoas non socias, que en todo caso teran voz per non voto.

Que decisións pode tomar?
En xeral calquer decisión relacionada co funcionamento do colectivo.

A COORDENADORA do Colectivo Opaii – RFM.

Definición.
É o órgano encargado de xestión do día a día do Colectivo Opaíí-RFM. As súas decisións está sometidas a Asemblea. O seu funcionamento é asembleario, baseado no consenso e o respeito á pluralidade do colectivo.

Quen forma parte?
Poderán participar das súas convocatorias e tomas de decisión, tod@s @s soci@s do Colectivo Opaíí – RFM que o quixer, xa for de maneira continuada ou circunstancial. En todo caso, @s seus integrantes deberán asumir algunha responsabilidade que ficará claramente especificada.

Que decisións pode tomar?
En xeral, calquer decisión que teña que ver coa xestión do día a día do colectivo, dentre elas:

- Elaboración de propostas ou informes, cuxa aplicación será sometida a Asemblea Xeral.
- Control do estado de pagamento de cotas dos soci@s do colectivo.
- Calquer outra relacionada coa xestión do día a día do colectivo, ou coa preparación de actividades xa estabelecidas, pola súa continuidade, no colectivo-radio.

En particular, a aplicación dos acordos e consecución dos obxectivos aprobados pola Asemblea.

A Coordenadora, en ningún caso poderá tomar as seguintes decisións:

- Cesamento de emisión de programas ou de baixa de socias e socios, sen ter convocado coa suficiente antelación unha asemblea xeral.
- Adquisición, venda ou cesión de equipos técnicos de RFM.
- Traslado dos equipos técnicos a outras instalacións.
- Clausura ou reapertura das emisións de RFM.
- Integración en plataformas, redes ou outras asociacións de colectivos.
- Modificacións do presente documento e doutros, relativos ao fucionamento do colectivo ou radio, previamente consensuados.

COMISIÓNS DE TRABALLO.

Definición.
Son grupos de acción sobre actividades ou materias específicas. A súa creación e extinción deberán ser aprobadas no seo da Coordenadora. O funcionamento destas células será asembleario, baseado no consenso e o respeito á pluralidade do colectivo.

Quen forma parte?
Calquer grupo de soci@s do colectivo.

Que decisións pode tomar?
Aquelas que teñan que ver coa xestión da materia específica. Non poderán tomar decisións que condicionen ou contradigan os consensos tomados a nível de Coordenadora e Asemblea. Traballaran en contacto permanente coa Coordinadora.